



VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

ANUNCIO de modificación puntual do Plan parcial do sector 6, parque de Eirís, parcelas 9 a 18.

Anuncio (MPPA-2/06).

O Pleno municipal, en sesión celebrada o 12 de setembro de 2011, acordou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan parcial do S-6 Parque de Eirís presentada por Antonio Fernández Troitiño, en representación de Promociones Fernández y Taboada y Otros, S.L.

Segundo. Notificar este acordo aos titulares catastrais, ao interesado no expediente, ás áreas municipais de Licenzas e Disciplina Urbanística, Xestión do Solo, Sección de Patrimonio Urbanístico e ao promotor, a quen se requirirá, ademais, para que no prazo de 10 días presente en soporte informático a documentación aprobada para a súa incorporación ao Sistema de Información Xeográfico Municipal.

Terceiro. Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2 e 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para a entrada en vigor da modificación puntual do plan parcial, logo do cumprimento do requerimento efectuado ao promotor no número anterior».

Este acordo pon fin á vía administrativa, e contra el poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte a aquel en que se practicou a notificación ou, de ser o caso, a publicación; todo iso de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 46 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998, sen preuixido de calquera outro que se considere pertinente.





DOG Núm. 234

Venres, 9 de decembro de 2011

Páx. 36161

A documentación exixida polo artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o día 6 de outubro de 2011.

Os gastos desta publicación serán aboados por Promociones Fernández Taboada, S.L. y Otros.

A Coruña, 20 de outubro de 2011.

César de Jesús Otero Grille
Director de Urbanismo